

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

CORRECCIÓN de erros. Resolución do 13 de maio de 2011 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares e se convocan para o ano 2011.

Advertidos erros na dita resolución, publicada no DOG n.º 100, do 25 de maio de 2011, é preciso publicar as seguintes correccións na versión do galego:

1. Na parte expositiva:

Na primeira liña debe engadirse o artigo determinado «O».

No segundo parágrafo, onde di: «O Regulamento (CE) n.º 288/2009 da Comisión, do 7 de abril, modificado polo regulamentos (UE) n.ºs 245/2010 da Comisión, do 23 de marzo e 34/2011 da Comisión, do 18 de xaneiro...», debe dicir: «O Regulamento (CE) n.º 288/2009 da Comisión, do 7 de abril, modificado polos regulamentos (UE) n.ºs 245/2010 da Comisión do 23 de marzo, e 34/2011 da Comisión, do 18 de xaneiro...».

2. No artigo 5.3, onde di: «sacionados/as», debe dicir: «sancionados/as».

3. No anexo I é preciso engadir un novo produto: «amorodo grande».

4. No anexo II, no contido, onde di: «O noso (tipo de centro escolar (xardín de infancia, centro de preescolar, escolar) participa no Plan de consumo de froita na escola coa axuda financeira da Unión Europea», debe dicir: «(O noso (tipo de centro escolar (xardín de infancia, centro de preescolar, escolar)) participa no Plan de consumo de froita na escola coa axuda financeira da Unión Europea)».

5. No anexo IIIB:

Entre os cadros código do nivel de ensino e clave dos códigos dos niveis de ensino, onde di: « *clave dos códigos de niveis de ensino» débese suprimir.

No cuarto guión, onde di: «(cubrir o/s que correspondan)», debe dicir: «(cubrir o/s que corresponda/n)».

6. No anexo IIIC, onde di: «ninguna», debe dicir: «ningunha».

7. No anexo IV, no recadro de datos bancarios, onde di: «díxito de control», debe dicir: «díxitos de control».